



Apoio ao sector da hostalería e outras actividades pechadas

PROGRAMA I - HOSTALERÍA (TR500C)

Persoas beneficiarias

Persoas autónomas con ou sen persoal contratado, microempresas e pemes do sector da hostalería* afectadas por peche** conforme a normativa sanitaria

Compatible con outras axudas do Plan de Rescate da Xunta de Galicia e outras AA.PP.

Orzamento: 12.000.000 €



Requisitos

1 Ter domicilio fiscal en Galicia

2 Desenvolver a actividade nun concello galego afectado polo peche ditado pola autoridade sanitaria da Xunta de Galicia segundo os decretos e ordes publicadas dende o 4 de xaneiro de 2021

Solicitudes

Poderase solicitar unha axuda por cada establecemento pechado, polo que unha mesma persoa beneficiaria pode ter dereito a varias axudas, pero presentarse unha única solicitude por persoa titular con todos os establecementos afectados

Contía da axuda***

Os importes refírense a establecementos pechados ou hoteis, hostais, casa rurais e outros aloxamentos afectados por peche perimetral dende as datas indicadas en cada caso

Pechado dende o 27 de xaneiro	Axuda única de 1.900 €
Pechado dende o 21 de xaneiro	Axuda única de 2.200 €
Pechado por dúas ou máis ordes	Axuda única de 2.700 €

Apoio ao sector da hostalería e outras actividades pechadas
PROGRAMA I - HOSTALERÍA (TR500C)

Compromisos principais

Cumprir coas medidas de **publicidade da axuda e do financiamento público**

Someterse a actuacións de **control, comprobación e inspección** que se determinen

IMPORTANTE:

Poderá eximirse do requisito de estar ao corrente das obrigas tributarias **no momento da solicitude** da axuda sempre que:

- A débeda **non supere o 80%** da axuda solicitada
- A persoa se comprometa a **saldar as débedas no prazo de 15 días naturais** desde a recepción do anticipo da axuda (unha vez satisfeita a débeda deberá comunicalo)

* Inclúe hoteis, hostais, casas rurais e outro tipo de aloxamentos

** Ten a consideración de **peche** o realizado por aquel establecemento que non poida ter aberto ao público o interior do mesmo, independentemente do servizo en terrazas e do servizo de envío a domicilio ou recollida no local e, no caso dos **hoteis e outros aloxamentos**, o peche perimetral do concello no que se sitúen

*** Para **establecementos** que ocupen a 10 ou máis persoas traballadoras, incrementarase a axuda en 1.000 €